

### **O cambio dinástico e a Guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a Paz de Utrecht)**

En 1700, Carlos II de Habsburgo morreu sen descendencia, deixando como herdeiro da Coroa de España a Felipe de Borbón (ou de Anjou), neto de Luís XIV de Francia e emparentado por liña materna coa dinastía dos Habsburgo. Produciuse así o **cambio dinástico** en España, a través dunha decisión que pretendía rematar co constante perigo da guerra con Francia, rival secular, e manter a integridade dos territorios españois. Inicialmente ninguén se opuxo a ela, agás os Habsburgo de Austria, que non aceptaron que a Coroa de España pasase aos Borbóns e defendían o seu propio candidato, tamén emparentado cos españois e fillo do emperador Leopoldo I, o arquiduque Carlos de Austria, O novo rei Felipe V foi aceptado e recoñecido polas Cortes de Castela, Aragón, Cataluña, Sicilia, Nápoles e Milán, pero a posibilidade da unión das Coroas de Francia e España e o papel prepotente e de control que desempeñaba Luís XIV (1643-1715) atemorizou aos reinos europeos, que se uniron e en 1701 iniciaron a guerra contra Francia, convertida en **Guerra de Sucesión** ao trono español. Foi un conflito tanto internacional, como interno, dentro da monarquía española, no que se enfrontaron dous **bandos**, defensores un de Felipe V e outro do arquiduque Carlos. Internacionalmente, en 1701 formouse unha alianza antiborbónica entre Austria, Inglaterra, Holanda e Dinamarca (Grande Alianza da Haia), á que logo se uniron Prusia, Portugal, Savoia e a maioría dos príncipes alemáns e italianos. Uns trataban de evitar a hexemonía borbónica e defender a candidatura ao trono de España do arquiduque Carlos; outros buscaban a división das posesións españolas e obter vantaxes no seu comercio colonial. Internamente, os territorios da Coroa de Castela (incluídas as provincias vascas e o reino de Navarra) apoiaron a Felipe V; en cambio, os territorios da Coroa de Aragón (Cataluña, Aragón, Valencia e Baleares) apostaron polo arquiduque Carlos, temerosos ante a política centralizadora que representaba a monarquía borbónica.

O enfrontamento estendeuse por toda Europa con vitorias e derrotas para os dous bandos, destacando a decisiva batalla de Almansa (1707) en favor dos Borbóns, así como a toma de Valencia e Aragón e a conseguinte anulación dos seus foros. A situación cambiou coa morte do emperador austríaco en 1711 e a conversión do arquiduque Carlos no herdeiro do Imperio, coa conseguinte ameaza dunha hexemonía de Austria-España. Por esta razón, comezaron as conversas para rematar a guerra, que culminaron coa sinatura da **Paz de Utrecht**, integrada polos **Tratados de Utrecht** (1713) e **de Rastatt** (1714). Co obxectivo de manter o equilibrio europeo, neles estableceuse o recoñecemento de Felipe V de Borbón como rei de España, a cambio de renunciar á Coroa de Francia e de facer importantes cesións territoriais: os Países Baixos españois, Nápoles, Milán e Sardeña ao emperador de Austria, Sicilia ao rei de Piemonte, a colonia de Sacramento a Portugal, e Xibraltar, Menorca, Terranova e Acadia (Nova Escocia) a Gran Bretaña, que ademais obtiña importantes concesións comerciais (un navío de permiso para comerciar coa América hispánica e o asento de negros).

Malia a sinatura da paz internacional, a guerra continuou en España, ata que as tropas de Felipe V conquistaron Barcelona o 11 de setembro de 1714 e Mallorca e Eivisa en 1715, concluindo así o conflito. As súas **consecuencias** foron trascendentais, xa que supuxeron a desaparición do antigo Imperio hispánico (coa excepción das posesións americanas) e

marcou un cambio drástico na configuración política e administrativa de España.